

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 25 de novembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

19990 REAL DECRETO 1417/2005, do 25 de novembro, polo que se regula a utilización, instalación e comprobación do funcionamento de dispositivos de limitación de velocidade en determinadas categorías de vehículos. («BOE» 289, do 3-12-2005.)

A utilización, instalación e comprobación do funcionamento de dispositivos de limitación de velocidade en determinadas categorías de vehículos está regulada en España polo Real decreto 2484/1994, do 23 de decembro.

A seguridade do transporte e os aspectos ambientais do transporte son esenciais para garantir unha mobilidade sustentable.

A utilización de dispositivos de limitación de velocidade nas categorías de vehículos de motor pesados, en aplicación do Real decreto 2484/1994, do 23 de decembro, produciu efectos positivos tanto na mellora da seguridade vial coma na protección do ambiente.

A ampliación do ámbito de aplicación dos dispositivos de limitación de velocidade aos vehículos de máis de 3,5 toneladas destinados ao transporte de mercadorías ou de pasaxeiros, era unha das medidas preconizadas polo Consello na súa Resolución do 26 de xuño de 2000 relativa ao reforzo da seguridade vial, de conformidade coa Comunicación da Comisión, do 20 de marzo de 2000, sobre as prioridades da seguridade vial na Unión Europea.

A conveniencia de ampliar o ámbito de aplicación dos dispositivos de limitación de velocidade aos vehículos de motor da categoría M₂, aos vehículos da categoría M₃ cun peso máximo superior a cinco toneladas, pero igual ou inferior a 10 toneladas, e aos vehículos da categoría N₂ motivou a publicación da Directiva 2002/85/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de novembro de 2002, pola que se modifica a Directiva 92/6/CEE do Consello, do 10 de febreiro de 1992, relativa á instalación e á utilización dos dispositivos de limitación de velocidade en determinadas categorías de vehículos de motor, trasposta á regulamentación nacional polo Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, polo que se ditan normas para a aplicación de determinadas directivas da CEE, relativas á homologación de vehículos automóbiles, remolques e semirremolques, así como de partes e pezas dos ditos vehículos, e actualizacións dos seus anexos.

Como consecuencia dos cambios introducidos pola Directiva 2002/85/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de novembro de 2002, é necesario modificar parte do articulado do Real decreto 2484/1994, do 23 de decembro. Así mesmo, dada a importancia da función que desempeñan os dispositivos de limitación de velocidade no ámbito da seguridade vial, e aproveitando a experiencia obtida da aplicación do Real decreto 2484/1994, do 23 de decembro, considérase necesario actualizar a regulación do procedemento de autorización das entidades e talleres

para a súa instalación e comprobación do funcionamento, así como as súas normas de actuación.

Dado que as actividades que desenvolven as citadas entidades e talleres son requiridas aos usuarios pola regulamentación vixente, tanto as normas de actuación como os requisitos técnicos deben garantir, en todo o territorio nacional, a alta calidade e homoxeneidade das súas actuacións, sen prexuízo daqueles outros condicionantes que as comunidades daqueles outros poidan establecer en virtude das súas competencias.

Este real decreto dítase ao amparo das competencias exclusivas do Estado en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor establecidas polo artigo 149.1.21.^a da Constitución española.

Este real decreto foi sometido á información dos sectores afectados segundo o previsto no artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, así como ao procedemento de información de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos á sociedade da información, regulado polo Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, para os efectos de dar cumprimento ao disposto na Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello do 22 de xuño de 1998, modificada pola Directiva 98/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 xullo de 1998.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, do ministro do Interior e da ministra de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de novembro de 2005,

DISPONGO:

Artigo 1. *Finalidade.*

O obxecto deste real decreto é regular a utilización, instalación e comprobación do funcionamento dos dispositivos de limitación de velocidade en determinadas categorías de vehículos, así como establecer os requisitos que deben cumprir e as normas de actuación das entidades e talleres que realicen as instalacións e comprobacións do funcionamento dos devanditos dispositivos.

As comprobacións do funcionamento a que se fai referencia neste real decreto sono sen prexuízo das exhibibles en aplicación do Real decreto 2042/1994, do 14 de outubro, polo que se regula a inspección técnica de vehículos, e do Real decreto 122/2004, do 23 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 957/2002, do 13 de setembro, polo que se regulan as inspeccións técnicas en estrada dos vehículos industriais que circulan en territorio español.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto entenderase por:

a) Vehículo de motor: calquera vehículo de motor das categorías M₂, M₃, N₂ ou N₃, destinado a circular por estrada, que teña polo menos catro rodas e que poida alcanzar por construción unha velocidade máxima superior a 25 km/h.

Entenderase que as categorías M₂, M₃, N₂ e N₃ son as definidas no anexo II da Directiva 70/156/CEE, do Consello, do 6 de febreiro de 1970, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre a homologación dos vehículos de motor e dos seus remolques, trasposta ao ordenamento xurídico español mediante o Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, polo que se ditan normas para a aplicación de determinadas directivas da CEE, relativas á homologación de vehículos automóbiles, remolques e semirremolques, así como de partes e pezas dos ditos vehículos.

b) Dispositivo de limitación de velocidade: un aparello de limitación de velocidade destinado a ser utilizado

nun vehículo para o que poida expedirse unha homologación de unidade técnica independente no sentido da Directiva 70/156/CEE. Os sistemas instalados de limitación da velocidade máxima dos vehículos, incorporados de orixe durante a fabricación dos vehículos, deberán cumprir os mesmos requisitos que os dispositivos de limitación de velocidade.

Artigo 3. *Aplicación a vehículos das categorías M₂ e M₃.*

Os vehículos de motor das categorías M₂ e M₃ a que se refire o artigo 2 só poderán circular pola vía pública se teñen instalado un dispositivo de limitación de velocidade regulado de tal maneira que a súa velocidade non poida superar os 100 quilómetros por hora.

Os vehículos da categoría M₃ cun peso máximo que exceda das 10 toneladas, matriculados antes do 1 de xaneiro de 2005, poderán manter instalados dispositivos nos cales a velocidade máxima estea regulada en 100 quilómetros por hora.

Artigo 4. *Aplicación a vehículos das categorías N₂ e N₃.*

Os vehículos de motor das categorías N₂ e N₃ só poderán circular pola vía pública se teñen instalado un dispositivo de limitación de velocidade regulado de tal maneira que a súa velocidade non poida superar os 90 quilómetros por hora.

Artigo 5. *Datas de aplicación.*

1. No que se refire aos vehículos de motor da categoría M₃ cun peso máximo superior a 10 toneladas e aos vehículos de motor da categoría N₃, os artigos 3 e 4 aplícanse:

a) Aos vehículos matriculados a partir do 1 de xaneiro de 1994, desde o 1 de xaneiro de 1994.

b) Aos vehículos matriculados entre o 1 de xaneiro de 1988 e o 1 de xaneiro de 1994:

1.º Desde o 1 de xaneiro de 1995 se se trata de vehículos que efectúan tanto transportes nacionais coma internacionais.

2.º Desde o 1 de xaneiro de 1996 se se trata de vehículos destinados exclusivamente ao transporte nacional.

2. No que se refire aos vehículos de motor da categoría M₂, os vehículos da categoría M₃ cun peso máximo superior a cinco toneladas pero igual ou inferior a 10 toneladas e os vehículos da categoría N₂, os artigos 3 e 4 aplícanse:

a) Aos vehículos matriculados a partir do 1 de xaneiro de 2005, desde o 1 de xaneiro de 2005.

b) Aos vehículos matriculados entre o 1 de outubro de 2001 e o 1 de xaneiro de 2005 conformes cos valores límite indicados na Directiva 88/77/CEE do Consello, do 3 de decembro de 1987, relativa á aproximación das leis e regulamentos dos Estados membros sobre as medidas que deben adoptarse contra a emisión de gases e partículas contaminantes procedentes dos motores de arranque por compresión destinados á propulsión de vehículos, modificada pola Directiva 1999/96/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de setembro de 1999 (Euro 3), traspostas á regulamentación nacional mediante o Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño:

1.º A partir do 1 de xaneiro de 2006, se se trata de vehículos que efectúan tanto transportes nacionais coma internacionais,

2.º A partir do 1 de xaneiro de 2007, se se trata de vehículos destinados exclusivamente ao transporte nacional.

Artigo 6. *Características dos dispositivos.*

Os dispositivos de limitación de velocidade mencionados nos artigos 3 e 4 deberán satisfacer as prescricións técnicas fixadas no anexo da Directiva 92/24/CEE, do Consello, do 31 de marzo de 1992, e as súas modificacións, sobre os dispositivos de limitación de velocidade ou sistemas similares de limitación de velocidade incorporados a determinadas categorías de vehículos de motor trasposta á regulamentación nacional mediante o Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, e nas actualizacións dos seus anexos.

Artigo 7. *Exencións.*

Os artigos 3 e 4 non se aplican aos vehículos de motor utilizados polas Forzas Armadas e forzas e corpos de seguridade, servizos de protección civil, contra incendios e outros servizos de urxencia. Tampouco serán aplicables aos vehículos de motor que:

a) Por construción, non poidan superar as velocidades fixadas nos devanditos artigos.

b) Sexan utilizados coa finalidade de ensaios científicos por estrada.

c) Sexan utilizados só para servizo público en áreas urbanas.

Artigo 8. *Instalación e comprobación do funcionamento dos dispositivos.*

1. Os dispositivos de limitación de velocidade instalados nos vehículos deberán funcionar correctamente en todo momento e manter os precintos que lles foron colocados de conformidade co establecido neste real decreto.

Cando o dispositivo de limitación de velocidade non funcione de conformidade co establecido nos artigos 3 e 4, ou cando polo uso, ou por calquera reparación no vehículo ou, se é o caso, no tacógrafo, rompese ou se retirase algún dos precintos, o dispositivo de limitación de velocidade deberá ser sometido a unha comprobación do funcionamento.

2. Os dispositivos de limitación de velocidade serán instalados e o seu correcto funcionamento comprobado por entidades e talleres que fosen autorizados previamente polo órgano competente en materia de industria do territorio onde estean radicados.

Artigo 9. *Incompatibilidades.*

Sen prexuízo do réxime de incompatibilidades que poida establecer a Administración competente, os socios ou directivos das entidades e talleres a que fai referencia o artigo anterior e o seu persoal non poderán ter participación en actividades de transporte por estrada.

Artigo 10. *Entidades e talleres que poden ser autorizados.*

1. Poderán ser autorizados para a instalación e comprobación do funcionamento de dispositivos de limitación de velocidade:

a) Os fabricantes e representantes legais de fabricantes estranxeiros de dispositivos homologados segundo a Directiva 92/24/CEE, do Consello, do 31 de marzo de 1992, e as súas modificacións.

b) Os talleres concesionarios dos fabricantes e representantes anteriores.

c) Os fabricantes de vehículos con instalacións produtivas en España que estean obrigados a instalar os dispositivos.

d) Os talleres concesionarios de importadores e fabricantes de vehículos, con ou sen instalacións produtivas en España, que estean obrigados a instalar os dispositivos.

e) Os talleres de reparación de vehículos automóbiles en xeral das ramas de actividade mecánica ou electricidade.

2. Os fabricantes mencionados no punto 1.a) poderán ser autorizados para a instalación e comprobación do funcionamento dos dispositivos da súa fabricación.

3. As entidades e talleres mencionados no punto 1.c) e d) poderán ser autorizados para a instalación e comprobación do funcionamento nos vehículos da súa fabricación.

4. Os talleres mencionados no punto 1.b) e d) poderán ser autorizados para os dispositivos de varios fabricantes á vez.

5. Os talleres mencionados no número 1.e) limitarán a súa actividade a vehículos en servizo e poderán ser autorizados para os dispositivos de varios fabricantes á vez.

Artigo 11. *Requisitos técnicos que deben cumprir as entidades e os talleres.*

1. As entidades mencionadas no artigo 10.1.c), cando vaian limitar a súa actividade á instalación e comprobación do funcionamento de dispositivos de limitación de velocidade instalados durante o proceso de fabricación dos seus vehículos, serán autorizadas sempre que estean inscritas no Rexistro de establecementos industriais como tales fabricantes.

2. Nos demais casos, para a autorización de entidades e talleres para a instalación e comprobación do funcionamento destes dispositivos, exixirase:

a) O documento de inscrición no Rexistro de establecementos industriais da entidade ou taller.

b) As certificacións individuais de superación dun proceso de adestramento sobre instalación e comprobación do funcionamento dos dispositivos sobre os cales se vai intervir, segundo se establece no anexo, de polo menos dous traballadores do cadro de persoal da entidade ou do taller, con categoría profesional mínima de oficial da segunda categoría.

c) Os medios técnicos para a execución da instalación e comprobación de funcionamento que se especifican no anexo, como mínimo.

d) O documento vixente de subscripción de pólizas de responsabilidade civil, avais ou outras garantías financeiras outorgadas por unha entidade debidamente autorizada, que cubran os riscos da súa responsabilidade, respecto a danos materiais e persoais a terceiros por unha contía mínima de 60.000 euros, sen que a contía da póliza limite a devandita responsabilidade. A devandita contía actualizarase cada ano para recoller a variación anual do índice de prezos de consumo medio do ano anterior, calculado como a variación anual da media dos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística no ano natural anterior dos índices de prezos de consumo (grupo xeral para o conxunto xeral) sobre a mesma media do ano precedente.

Artigo 12. *Autorización das entidades e talleres.*

1. Salvo no caso das entidades e talleres mencionados no artigo 10.1.c), a autorización será específica para os dispositivos de limitación de velocidade de cada fabricante en función do cumprimento dos correspondentes requisitos técnicos, aínda que poderán coexistir autorizacións para dispositivos de varios fabricantes.

2. A autorización corresponde ao órgano competente en materia de industria do territorio onde radiquen as instalacións nas cales se exerza a actividade, logo de solicitude do titular, e outorgarase segundo o procedemento que a dita Administración estableza, logo de comprobación fidedigna do cumprimento dos requisitos establecidos neste real decreto e os que, en exercicio das súas competencias, aquela estableza.

3. Cando a titularidade da autorización ou a localización da entidade ou taller se modifiquen, tal circunstancia deberá ser notificada ao órgano que concedeu a autorización, o cal decidirá se procede unha nova autorización, ou soamente facer a anotación administrativa correspondente, así como se é precisa a presentación de documentos actualizados para o cumprimento dos requisitos establecidos neste real decreto. Se a nova situación está fóra do ámbito competencial do órgano que concedeu a autorización, será precisa unha nova autorización.

Artigo 13. *Contrasinal identificativo e rexistro de entidades e talleres.*

1. O órgano competente en materia de industria da comunidade autónoma, ao conceder a autorización correspondente, orixinará un contrasinal identificativo da entidade ou taller, segundo se especifica no anexo.

2. O órgano competente en materia de industria creará e manterá un rexistro de entidades e talleres autorizados. Nel figurarán, polo menos, os seguintes datos:

a) O nome ou a razón social do titular da entidade ou taller.

b) O contrasinal identificativo.

c) De ser o caso, o nome do responsable técnico.

d) A situación (vía pública, número, municipio, provincia).

e) O número de teléfono, de fax e o enderezo de correo electrónico.

3. Para os efectos de cumprir coas obrigas que a Unión Europea establece para os Estados membros, as comunidades autónomas comunicarán semestralmente ao órgano directivo competente en materia de seguridade industrial do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio as altas e variacións que se produzan nos referidos rexistros.

Artigo 14. *Rexistro de instalacións e comprobacións do funcionamento.*

1. A entidade ou taller levará un rexistro, segundo se especifica no anexo, con todas as instalacións e comprobacións do funcionamento realizadas. O rexistro poderase realizar por procedementos informáticos, pero estará á disposición do órgano competente da comunidade autónoma no formato que este órgano dispoña.

Os datos recollidos no rexistro deberán ser gardados pola entidade ou taller durante, polo menos, tres anos desde a súa inclusión nel.

Quedan exceptuadas do disposto neste punto as entidades mencionadas no artigo 10.1.c) cando vaian limitar a súa actividade á instalación e comprobación do funcionamento de dispositivos de limitación de velocidade instalados durante o proceso de fabricación dos seus vehículos.

2. O rexistro deberá cumprir calquera outro requisito que o órgano competente en materia de industria estableza.

Artigo 15. *Outros requisitos que deben cumprir as entidades e talleres.*

1. Cada instalación dun dispositivo de limitación de velocidade deberá ser seguida dunha comprobación do

funcionamento que asegure o correcto cumprimento dos límites de velocidade establecidos nos artigos 3 e 4. Así mesmo, para deixar constancia das condicións en que foi realizada a comprobación do funcionamento, deberá identificar a entidade ou taller onde se levou a cabo e evitar manipulacións do dispositivo:

a) Tras cada comprobación de funcionamento, a entidade ou taller instalará no interior da cabina do vehículo, e en lugar ben visible, unha placa de montaxe segundo se especifica no anexo.

b) O dispositivo de limitación de velocidade, a placa de montaxe, se procede, e as conexións necesarias para o seu funcionamento, deberán ser precintados e marcados pola entidade ou taller autorizado, segundo se especifica no anexo.

Quedan exceptuadas do disposto neste punto as instalacións realizadas polas entidades mencionadas no artigo 10.1.c) durante o proceso de fabricación dos seus vehículos sempre que no devandito proceso se lle instalase ao vehículo unha placa que indique a velocidade fixada, segundo o establecido na Directiva 92/24/CEE, do Consello, do 31 de marzo de 1992, sobre os dispositivos de limitación de velocidade ou sistemas similares de limitación de velocidade incorporados a determinadas categorías de vehículos de motor, e as súas modificacións, e o dispositivo dispoña dos precintos e marcas previstos na mesma directiva. Neste caso, os fabricantes comunicarán o modelo de placas que utilizan ao órgano directivo competente en materia de seguridade industrial do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para a súa difusión.

2. Todas as instalacións e comprobacións do funcionamento dos dispositivos de limitación de velocidade, así coma a precintaxe, deben ser realizados nas instalacións do titular da autorización. En casos excepcionais, poderán realizalas en locais alleos ás devanditas instalacións, coa autorización expresa do órgano competente da comunidade autónoma, logo de solicitude motivada do titular da autorización.

3. As certificacións individuais a que fai referencia o artigo 11.2.b) terán unha validez de tres anos. Antes deste prazo, a entidade ou o taller obterá novas certificacións, tras a superación polos traballadores de novos procesos de actualización do adestramento, segundo se especifica no anexo.

4. O titular da autorización responsabilizarase de que todas as ferramentas utilizadas na regulación dos dispositivos, así como os elementos e útiles de precintaxe, sexan gardados en armarios ou noutros compartimentos con fecho.

Calquera extravío, perda ou subtracción dalgún dos elementos mencionados no parágrafo anterior deberá ser comunicado inmediatamente ao órgano competente en materia de industria. No caso de subtracción, ademais, denunciarase ante o corpo ou forza de seguridade competente.

5. Todas as instalacións e comprobacións do funcionamento se realizarán conforme as normas técnicas xerais que se especifican no anexo.

Artigo 16. *Réxime sancionador.*

O incumprimento polos titulares dos vehículos ou polas entidades ou talleres autorizados do establecido neste real decreto será sancionado segundo o disposto na Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, e no título V da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.

A incoación dos expedientes sancionadores será realizada polos órganos competentes en materia de transporte ou de industria. Con carácter preventivo, poderá acordarse a suspensión da autorización cando exista negligencia ou mala fe.

Disposición adicional primeira. *Desprecintaxe de tacógrafos.*

Cando a entidade ou o taller de instalación e comprobación do funcionamento non sexan autorizados tamén para a comprobación de montaxe e revisión periódica de tacógrafos que, de ser o caso, incorpore o vehículo, segundo a Orde ministerial do 24 de setembro de 1982 ou o Real decreto 425/2005, do 15 de abril, polo que se establecen os requisitos técnicos e as normas de actuación que deben cumprir os centros técnicos para a instalación, verificación, control e inspección de tacógrafos dixitais, poderán retirar do tacógrafo os precintos necesarios para a instalación, conexión e comprobación do funcionamento do dispositivo de limitación de velocidade. En ningún caso se poderá manipular o tacógrafo ou romper outros precintos non necesarios se non está autorizado expresamente.

A entidade ou o taller emitirá un certificado en que se indique a data e a causa da retirada dos precintos, que se levará a bordo do vehículo, xunto cunha copia da factura emitida pola entidade ou o taller.

En ningún caso se admitirá a permanencia dos elementos obrigados á precintaxe sen os seus precintos, por un prazo superior a sete días.

Disposición adicional segunda. *Casos especiais de instalación e comprobación do funcionamento.*

En casos especialmente xustificadas, os órganos competentes das comunidades autónomas, con suxeición ás normas que para o efecto diten, poderán autorizar instalacións e comprobacións do funcionamento de dispositivos de limitación de velocidade en vehículos en servizo realizadas por entidades e talleres distintos dos establecidos no artigo 10. Nestes casos exíxese a inspección unitaria da instalación do dispositivo, instalación da placa de montaxe, precintaxe e marcación polo órgano competente da comunidade autónoma. O contrasinal utilizado polo órgano inspector levará no grupo de caracteres alfabéticos x...x un único carácter X.

Disposición transitoria primeira. *Vehículos de motor da categoría M₃ con peso máximo superior a 10 toneladas e vehículos de motor da categoría N₂ con dispositivo homologado conforme a Directiva 92/24/CEE, do Consello, do 31 de marzo de 1992, matriculados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2005.*

Os vehículos de motor da categoría M₃ con peso máximo superior a 10 toneladas e os vehículos de motor da categoría N₂ matriculados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2005 que teñan instalados dispositivos regulados cos límites de velocidade establecidos no artigo 1 do Real decreto 2484/1994, do 23 de decembro, polo que se regula a utilización, instalación e comprobación de funcionamento de dispositivos de limitación de velocidade en determinadas categorías de vehículos, poderán seguir circulando nas mesmas condicións durante un ano desde a entrada en vigor deste real decreto. A partir da devandita data, só poderán circular se a velocidade máxima está regulada de conformidade co establecido nos artigos 3 e 4 deste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Validez doutras homologacións.*

Os vehículos matriculados con anterioridade ao 1 de outubro de 1994 que, en cumprimento do disposto na Orde ministerial do 29 de decembro de 1992, que modifica os anexos I e II do Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, teñan instalados dispositivos regulados cos límites

de velocidade establecidos no artigo 1 do Real decreto 2484/1994, do 23 de decembro, con homologación concedida segundo a regulamentación nacional de Estados membros da Unión Europea, poderán seguir circulando nas mesmas condicións durante un ano desde a entrada en vigor deste real decreto. A partir da devandita data só poderán circular se a velocidade máxima está regulada de conformidade co establecido nos artigos 3 e 4 deste real decreto.

Disposición transitoria terceira. *Validez das autorizacións actuais.*

As entidades e talleres autorizados segundo o disposto no Real decreto 2484/1994, do 23 de decembro, continuarán habilitados polos devanditos títulos. Non obstante, antes de que transcorra un ano desde a entrada en vigor deste real decreto, deberán acreditar ante o órgano competente da comunidade autónoma correspondente o cumprimento dos requisitos técnicos establecidos neste real decreto.

Disposición transitoria cuarta. *Validez dos certificados dos fabricantes dos vehículos.*

Os certificados emitidos polos fabricantes de vehículos, en aplicación do disposto no punto segundo da Orde do 28 de outubro de 1996, pola que se modifica o anexo do Real decreto 2484/1996, do 23 de decembro, seguirán sendo válidos.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 2484/1994, do 23 de decembro, polo que se regula a utilización, instalación e comprobación de funcionamento de dispositivos de limitación de velocidade en determinadas categorías de vehículos, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1. 21.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, sen prexuízo das competencias que, de ser o caso, lles correspondan ás comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

1. Os ministros de Industria, Turismo e Comercio, do Interior e de Fomento quedan facultados, no ámbito das súas competencias, para ditaren as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

2. Facúltase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para adaptar o anexo aos novos criterios técnicos de carácter nacional e internacional cuxa observancia se considere necesaria para a súa aplicación.

Dado en Madrid o 25 de novembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXO

1. Procesos de adestramento e de actualización do adestramento dos traballadores.

Os procesos de adestramento e a súa actualización periódica realizaranse nos departamentos de formación dos fabricantes de dispositivos de limitación de velocidade ou dos seus representantes legais, logo de comunicación ao órgano competente en materia de industria onde o devandito departamento de formación estea radicado. Opcionalmente, o órgano competente en materia de industria poderá autorizar que os procesos de adestramento se realicen en centros oficiais de formación radicados no territorio da comunidade autónoma ou noutros centros de formación con sistema de xestión da calidade certificado de conformidade coa norma UNE-EN ISO 9001:2000, incluíndo o cumprimento do prescrito nesta epígrafe.

O persoal que leve a cabo o adestramento dos traballadores deberá acreditar documentalmente a experiencia suficiente en docencia e ter recibido, el mesmo, o adestramento específico para formadores polos fabricantes dos dispositivos de limitación de velocidade.

Na programación do proceso de adestramento dos traballadores deberá incluírse a aplicación da regulamentación vixente e as especificacións técnicas actualizadas dos dispositivos de limitación de velocidade.

As entidades e os talleres decidirán os traballadores que deban someterse ao proceso de adestramento.

Os procesos de adestramento e as súas actualizacións realizaranse coa presenza física dos traballadores designados no departamento ou centro de formación, en días laborables e cun máximo de 16 asistentes. Os procesos de adestramento iniciais terán unha duración mínima de dous días, cun mínimo de 12 horas. Os procesos de actualización do adestramento terán unha duración mínima dun día, cun mínimo de sete horas.

Como material didáctico disporán, cada dous traballadores asistentes, do seguinte:

- Un manual coas características técnicas dos dispositivos.
- Simuladores dos dispositivos para comprobar o seu funcionamento.
- Equipamentos para a comprobación do funcionamento e axuste da velocidade.

Os departamentos ou centros de formación comunicaranlles aos órganos competentes das comunidades autónomas onde se atopen situados, e con polo menos 10 días de antelación para cada proceso de adestramento, a data, o temario, o lugar onde se celebrará e o nome dos adestradores titular e suplente que os desenvolverán.

Os departamentos ou centros de formación expedirán un certificado a cada traballador que supere o proceso de adestramento, con indicación das datas en que se realizou. Así mesmo, deberán levar un rexistro de todos os procesos de adestramento realizados e dos traballadores asistentes.

Os departamentos ou centros de formación comunicaran aos órganos competentes das comunidades autónomas onde estean radicados as entidades ou os talleres dos cales proceden os traballadores, nun prazo inferior a 15 días, o nome de traballadores asistentes que superaron o proceso de adestramento e a razón social da entidade ou do taller de que proceden. En aplicación do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o departamento ou centro de formación comunicarlles previamente aos traballadores o uso que se vai facer dos seus datos de carácter persoal para cumprir co presente requisito.

A Administración competente poderá en calquera momento inspeccionar os departamentos ou centros de

formación, os seus rexistros e o desenvolvemento dos procesos de adestramento.

2. Medios técnicos para a execución da instalación e comprobación da montaxe.

Os medios técnicos mínimos de que debe dispoñer un taller para ser autorizado son:

a) Un aparello tarable de impulsos de percorrido apropiado para os dispositivos que se van instalar.

b) Un aparello para o control e a regulación do dispositivo que se vai instalar e comprobar.

c) Unha instalación de inflado e comprobación de presión dos pneumáticos.

d) Instrumentos de medición do perímetro efectivo dos pneumáticos.

e) Elementos de precintaxe axeitados ao dispositivo que se vai instalar.

Os instrumentos que se precisen e sirvan para medir ou contar deben estar calibrados, ou verificados no caso de que estean sometidos a control metrolóxico.

3. Contrasinal da entidade ou do taller.

O contrasinal asignado a cada entidade ou taller terá a forma seguinte:

e9x... xyyzzz

Sendo x...x varios caracteres alfabéticos entre o A e o Z en función dos fabricantes de dispositivos que se vaian instalar, segundo a seguinte listaxe non limitativa:

A	Weedus Wyllys.
B	Bosch.
C	Scania.
D	Man.
E	Econocruise.
F	Volvo.
G	Groeneveld.
H	Actia.
I	Iveco.
J	ERF.
K	RVI.
L	Irisbus.
M	Motometer.
R	Romatic.
S	Sturdy.
V	VDO.
W	Wabco.

As entidades mencionadas no artigo 10.1.c), cando vaian limitar a súa actividade á instalación e comprobación do funcionamento de dispositivos de limitación de velocidade instalados durante o proceso de fabricación dos seus vehículos, asignaráselles un único carácter X.

Sendo yy un número de codificación provincial, en función da domiciliación da entidade ou do taller, segundo a seguinte relación:

Álava	01	Albacete	02	Alicante/Alacant	03
Almería	04	Ávila	05	Badajoz	06
Illes Balears	07	Barcelona	08	Burgos	09
Cáceres	10	Cádiz	11	Castellón/Castelló	12
Ciudad Real	13	Córdoba	14	A Coruña	15
Cuenca	16	Girona	17	Granada	18
Guadalajara	19	Gipuzkoa	20	Huelva	21
Huesca	22	Jaén	23	León	24
Lleida	25	La Rioja	26	Lugo	27
Madrid	28	Málaga	29	Murcia	30
Navarra	31	Ourense	32	Asturias	33
Palencia	34	Palmas (Las)	35	Pontevedra	36
Salamanca	37	S. C. de Tenerife	38	Cantabria	39
Segovia	40	Sevilla	41	Soria	42
Tarragona	43	Teruel	44	Toledo	45
Valencia/València	46	Valladolid	47	Bizkaia	48
Zamora	49	Zaragoza	50	Ceuta	51
Melilla	52				

E sendo zzz o número de orde correlativo no rexistro.

4. Rexistro de instalacións e comprobacións do funcionamento.

O rexistro deberá conter os seguintes datos:

a) O nome da entidade ou do taller.

b) As marcas dos dispositivos de limitación de velocidade.

c) O contrasinal asignado.

De cada instalación e comprobación do funcionamento que se realice na devandita entidade ou taller rexistrarase:

a) O número de orde.

b) A data da instalación ou comprobación do funcionamento.

c) A marca do dispositivo de limitación de velocidade se é unidade técnica.

d) O contrasinal de homologación do dispositivo de limitación de velocidade se está homologado como unidade técnica.

e) O número de fabricación do dispositivo de limitación de velocidade cando é unidade técnica.

f) A velocidade seleccionada no dispositivo de limitación de velocidade na forma «v=... km/h».

g) A matrícula do vehículo ou o número do bastidor.

h) A categoría do vehículo.

i) A marca do vehículo.

j) O tipo de pneumáticos que incorpora.

k) O perímetro efectivo dos pneumáticos na forma «l=... mm».

l) O coeficiente característico do vehículo na forma «w=... imp/km».

Cando o dispositivo de limitación de velocidade se conecte ou estea conectado a un tacógrafo xa incorporado ao vehículo, anotarase tamén:

a) A marca do tacógrafo.

b) O tipo do tacógrafo.

c) A data de revisión que figura na placa do tacógrafo.

Farase constar tamén o nome do operador que realizou a operación. En cada instalación preverase tamén un espazo para as posibles observacións.

Cando o dispositivo de limitación de velocidade sexa instalado en vehículos antes da súa matriculación, en lugar da matrícula do vehículo faranse constar as sete últimas cifras do número de bastidor.

5. Placa de montaxe.

A placa de montaxe terá as seguintes características:

a) Dimensións mínimas: 50 * 80 mm.

b) Material: metal, plástico ou papel plastificado.

Esta placa deberá estar precintada ou adherida mediante un sistema que impida a súa retirada sen resultar destruída.

Na placa deberán figurar os seguintes datos:

a) O nome da entidade ou do taller.

b) O contrasinal asignado á entidade ou ao taller.

c) A data de instalación ou comprobación do funcionamento.

d) A velocidade seleccionada no dispositivo de limitación de velocidade na forma «v=... km/h».

A placa deberá ser cuberta de tal forma que sexan ben lexibles e indelebles os datos consignados nela e que non poidan ser alterados.

Todo o establecido nesta epígrafe o é sen prexuízo da validez das placas instaladas por instaladores ou talleres doutros países, de conformidade coas directivas 92/6/CEE, do Consello, do 10 de febreiro de 1992, e 92/24/CEE, do Consello, do 31 de marzo de 1992, e as súas modificacións.

6. Precintaxe.

Serán obxecto de precintaxe os seguintes puntos:

- a) O conector da unidade de control, agás cando sexa esencial para que circule o vehículo.
- b) A conexión do dispositivo de limitación de velocidade ao tacógrafo ou toma de sinal.
- c) O sistema articulado do mando da bomba, se procede.
- d) Todas as unións eléctricas e conectores.
- e) A placa de montaxe, se procede.

Os precintos poderán ser de calquera material plástico, cápsulas plásticas en cabezas de parafusos ou lacre.

Todos os precintos, agás os de lacre en articulacións mecánicas, serán marcados mediante unhas tenaces especiais con, polo menos, a parte yzzzz do contrasinal da entidade ou do taller, segundo se define no número 3 deste anexo.

O establecido neste punto é sen prexuízo da validez de precintos instalados por instaladores ou talleres doutros países, de conformidade coas directivas 92/6/CEE do Consello, do 10 de febreiro de 1992, e 92/24/CEE, do Consello, do 31 de marzo de 1992, e as súas modificacións.

7. Normas técnicas xerais de instalación e comprobación do funcionamento.

1. Antes de iniciar a instalación ou comprobación do funcionamento do dispositivo de limitación de velocidade nun vehículo, cuxo sinal de velocidade proceda do tacógrafo, deberá verificarse:

- a) Que a placa de instalación do tacógrafo ten unha data gravada anterior en menos de dous anos con respecto á data actual.
- b) A integridade dos precintos do tacógrafo e da súa instalación.
- c) Que o perímetro efectivo dos pneumáticos «l» non supere en máis do dous por cento o valor gravado na placa de instalación do tacógrafo.
- d) Que a constante do tacógrafo «k» non difire en máis ou en menos do dous por cento do valor gravado na placa de instalación do tacógrafo.

No caso de que algún dos extremos anteriores non fose correcto, o instalador do dispositivo non seguirá adiante coa instalación, ata que sexa corrixido por un taller autorizado para a revisión periódica do tacógrafo que incorpora o vehículo.

2. O control de instalación e funcionamento do dispositivo de limitación de velocidade realizarase utilizando instrumentos e aparellos apropiados que aseguren que o dispositivo opera correctamente e que actúa á velocidade que se fixou.

3. En todo caso, deberán seguirse as instrucións ou recomendacións que sexan aplicables e que, de ser o caso, establezan os fabricantes tanto de vehículos coma de dispositivos.

XEFATURA DO ESTADO

20055 *REAL DECRETO LEI 14/2005, do 2 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados pola tormenta tropical Delta no arquipélago canario os días 28 e 29 de novembro.* («BOE» 291, do 6-12-2005.)

Durante os días 28 e 29 de novembro sucedéronse no arquipélago canario unha serie de fenómenos meteorolóxicos adversos, entre os que merece destacarse especialmente a presenza, a causa da denominada tormenta tropical «Delta», de ventos furacanados e temporais mariños que deixaron sentir os seus efectos sobre as illas, producindo importantes danos en costas, portos, aeroportos, infraestruturas viarias, sector agrícola e subministración eléctrica e telefónica, así como en diversos bens de titularidade pública e privada.

A magnitude dos feitos e as súas consecuencias obrigan, desde o principio constitucional de unidade e solidariedade, recoñecido no artigo 2 da Constitución española, e por aplicación dos de equidade e igualdade de trato en relación con situacións precedentes, á actuación dos poderes públicos e á adopción, para as illas afectadas, dun conxunto de medidas paliativas e reparadoras concordantes coas adoptadas en momentos anteriores ante ocasións semellantes, co obxecto de favorecer o restablecemento dos servizos e infraestruturas danadas e a volta á normalidade das zonas sinistradas polos temporais.

O obxectivo, por tanto, desta norma é aprobar un catálogo de medidas que afectan varios departamentos ministeriais e abarcan aspectos moi diferentes, pois mentres que unhas se dirixen a diminuír as cargas tributarias, outras, como a concesión de créditos privilexiados, intentan paliar o impacto nas empresas, explotacións agrarias e particulares afectados.

Entre as axudas que se van adoptar están as relativas á reparación de danos sufridos nas infraestruturas do arquipélago, especialmente sensible polo seu afastamento e fragmentación territorial e a súa dependencia de determinados medios de transporte aéreo e marítimo, que fan necesaria a adopción non só de medidas proporcionadas no cuantitativo senón tamén no cualitativo, arbitrando medios eficaces e de resposta inmediata ás necesidades e expectativas xeradas nos cidadáns, empresas e institucións canarias pola situación creada.

Por outra parte, as perdas de produción ocasionadas polos fortes ventos, as chuvias, temporais e outros fenómenos naturais directamente relacionados coa climatología adversa, nos cultivos e territorios afectados, configuran, pola magnitude dos danos ocasionados, unha situación equiparable á de desastre natural, nos termos establecidos polas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta dos ministros do Interior, de Economía e Facenda, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, de Industria, Turismo e Comercio, de Agricultura, Pesca e Alimentación, da Presidencia, de Administracións Públicas, de Medio Ambiente e de Vivenda, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de decembro de 2005,

DISPONGO:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. As medidas establecidas neste real decreto lei aplicaranse á reparación dos danos causados polos ventos, chuvias, temporais e outros fenómenos naturais relacionados co paso da tormenta tropical Delta pola Comuni-